

Texto publicado no suplemento *Nordésia* do *Diario de Ferrol* o día 20 de febreiro de 2005.-

Pintoresca vella Europa

Considerado dende un punto de vista xeográfico non existe ningún continente que poda chamarse Europa. Os lindeiros están claros polo sur: o mar Mediterráneo, que nos separa de África, polo oeste: o océano Atlántico, e polo norte: o Glacial Ártico. Mais polo costado este a cousa comeza a enlearse, porque non existe ningún accidente natural que nos permita fixar unha fronteira exacta. Poderíamos incluso afirmar que o que nós chamamos continente non é mais ca unha península (iso si, de extraordinarias dimensións) dunha enorme masa continental que se chama Eurasia.

O motivo da nosa separación de Asia ten principalmente un carácter económico, porque Europa non deixa de ser unha selecta comunidade de veciños enriquecidos logo de pasarse séculos roubando por todos os recunchos do planeta. Sirva como exemplo o caso de Bélxica, que posuía territorios en África (O Congo Belga) que eran patrimonio persoal do propio rei Leopoldo, ou de Inglaterra, que segue a manter o seu dominio nalgúns partes do planeta en colonias polas que hai poucos anos aínda librou unha guerra (Illas Malvinas). Mesmo Portugal tiña posesións en Asia, África e América, e están tan orgullosos os portugueses do seu pasado colonial que nun monumento a Vasco da Gama en Coimbra podemos ler a seguinte inscrición: "*E se máis mundo houvera lá chegara*", por non falar de Felipe II de España, que fachendeaba de que nos seus dominios nunca se puña o sol.

Podemos atopar en Europa, con ou sen trono, tal cantidade de monarquías per cápita que nin as tribos africanas nos superan. E tamén un amplo catálogo de condes, condesas, duques, duquesas, marqueses e marquesas, así como unha das

maiores concentracións de entidades bancarias, grandes compañías de seguros e todopoderosas empresas. En ningún outro lugar do mundo existe semellante acumulación de poder por metro cadrado, o que explica a existencia de estados tan pintorescos como Andorra (un pequeno val nos Pirineos), San Marino (sesenta quilómetros cadrados), Mónaco (tan grande coma a súa propia capital, Montecarlo), Liechtenstein ou, cómo non, o Vaticano, calquera deles un fermoso remanso de riqueza. Pero tamén poderíamos facer unha extensa listaxe de nacións que non aparecen nas estatísticas porque sistematicamente se lles nega o dereito de autogoberno (contradiccións sempre ten que haberlas).

En Europa estalaron guerras cruentas dende os comezos mesmos da súa labiríntica historia. Tantas que os períodos de bonanza non se chaman “de paz”, senón de “entreguerras”: Fenicios contra gregos, gregos contra romanos, Alexandre, Carlomagno, as cruzadas, e a unha longa restra de imperios: Napoleónico, Xermánico Austrohúngaro... Ademais de dúas devastadoras Guerras que aínda que se chamaron Mundiais, tamén comezaron nestas terras...

Por pura cobiza ao longo de séculos e máis séculos os europeos foron espoliando todo o bo que atopaban polo mundo enteiro. Basta con facer unha visita aos museos de moitas grandes capitais para saber con que falta de escrúpulos se roubaron as riquezas doutros pobos (No Británico está medio Exipto, e incluso ten un contencioso co Estado Grego para que se lle restituía a este último unha cariátide do Partenón de Atenas). E non falemos do tráfico de escravos, que se alongou máis de catrocentos anos. Arredor de vinte millóns de persoas foron secuestradas e transportadas a América en condicións absolutamente infrahumanas e deplorábeis para que traballasen até caer mortos nos campos de algodón e cana de azucre do Brasil, do Caribe e dos Estados Unidos, territorios todos que dependían de grandes

metrópoles europeas, sen que aínda ninguén pedise desculpas por semellante xenocidio.

Mais a pesares de todos estes atropelos Europa tamén asistiu ao nacemento de salientábeis persoeiros, flores senlleiras que souberon brillar con esplendor nos campos máis diversos: Platón, Aristóteles, Kant, Voltaire, ou Rousseau na filosofía. Mozart, Beethoven, Bach, Wagner, Chaikovsky ou Stravinsky na música. Homero, Cervantes, Shakespeare, Goethe, Dante, ou Petrarca na literatura. Einstein, Newton ou Fleming nas ciencias. Leonardo, Velázquez, Picasso, Rembrandt, Goya ou Van Gogh na pintura... Só por citar uns cantos exemplos dunha lista que se fai interminábel.

Porque para ben ou para mal, queirámolo ou non, somos o froito dunha amálgama de erros e de acertos. Europa exportou ao mundo o mellor, pero tamén o peor que pariron as súas entrañas tan vellas. Erixiuse en asoballante apisoadora de culturas por todos os recantos do planeta, en inimiga implacábel de todo aquilo que soase a diferente, en invasora de pobos vestida de falsa redentora, mais tamén foi berce de moi grandes pensadores e das súas máis brillantes ideas. Quizais nesta gran contradición sexamos capaces de descubrir a verdadeira esencia disto que chamamos continente sen que en realidade o sexa.

© Xesús Constela Doce, 2005